

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**9680** *Real decreto 671/2013, do 6 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.*

Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, aprobada por unanimidade por ambas as cámaras legislativas como expresión do recoñecemento e do compromiso permanente da sociedade española cara a todas as vítimas do terrorismo.

En cumprimento da habilitación para o desenvolvemento regulamentario contida na disposición derradeira primeira da citada disposición legal, o regulamento incorpora as principais novidades legais e inspírase, o mesmo que aquela, nunha concepción integral da atención ao colectivo de vítimas do terrorismo, así como nos principios de protección das vítimas de delitos recoñecidos polo dereito da Unión Europea.

Recóllense nel as reparacións, indemnizacións, axudas e condecoracións que se encontraban ata agora reguladas de forma separada nos reais decretos 288/2003, do 7 de marzo, e 1912/1999, do 17 de decembro, que ordenaban, respectivamente, o réxime de resarcimentos por danos derivados do atentado terrorista e o aboamento por parte do Estado, con carácter extraordinario, da responsabilidade civil derivada dos delitos de terrorismo. Inclúe igualmente as distincións honoríficas anteriormente establecidas no Real decreto 1974/1999, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo.

Coa aprobación deste regulamento posibilitáase a plena aplicación do marco de atención integral ás vítimas do terrorismo que estableceu a Lei 29/2011 antes citada, e permítese, así mesmo, avanzar cara a unha mellor complementariedade e coordinación dos sistemas de protección das diversas administracións públicas para coas vítimas do terrorismo, obxectivo incluído entre as medidas que forman parte do informe para a Comisión da Reforma das Administracións Públicas, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros do 21 de xuño de 2013.

A nova regulación, o mesmo que a lei de que deriva, persegue asegurar un trato equitativo das vítimas do terrorismo con independencia do momento e do lugar de comisión dos atentados. Dispón, desta forma, un réxime transitorio destinado a regular os supostos de aplicación retroactiva dos resarcimentos, indemnizacións e axudas desde o 1 de xaneiro de 1960. O ámbito territorial comprende os atentados cometidos en territorio español e no estranxeiro, neste último caso tanto se a vítima é española e os danos foron causados por actos cometidos por grupos que operen habitualmente en España ou dirixidos a atentar contra o Estado español ou os intereses españois, como se a vítima é española pero os actos cometidos non reúnen as características mencionadas.

Polo que se refire á estrutura do regulamento, este ordénase en sete títulos e un anexo.

No título preliminar dispóñense o ámbito de aplicación temporal e territorial, os requisitos para a acreditación da condición de destinatario, a delimitación do contido das indemnizacións, resarcimentos, axudas e condecoracións, e o réxime xurídico das axudas.

O título primeiro determina, nos seus tres primeiros capítulos, os titulares e as contías dos resarcimentos que corresponden nos supostos de falecemento, lesións persoais producidas como consecuencia do acto terrorista e secuestro. O cuarto capítulo regula o aboamento por parte do Estado, con carácter extraordinario, da responsabilidade civil fixada en sentenza. O quinto capítulo dispón o réxime aplicable ás axudas extraordinarias

por atentados terroristas cometidos no estranxeiro que non estean incluídas no réxime xeral.

O título segundo prevé a regulación dos danos materiais. Considéranse resarcibles, ata o límite máximo fixado no regulamento, os danos ocasionados en vivendas, en establecementos mercantís ou industriais, na sede de partidos políticos, sindicatos e outras organizacións sociais, así como os producidos en vehículos.

O título terceiro prevé, no seu capítulo primeiro, a prestación da asistencia psicolóxica e psiquiátrica inmediata e sanitaria de urxencia que sexa requirida no suposto de que eventualmente se produza un atentado terrorista. Pola súa banda, os capítulos segundo, terceiro e cuarto prevén as axudas para a asistencia sanitaria e psicosocial complementaria, o tratamento psicolóxico, o apoio psicopedagóxico para as vítimas e os seus familiares, así como o réxime aplicable ás axudas educativas e en materia de vivenda pública. Recolle, así mesmo, a posibilidade de outorgar axudas extraordinarias nos supostos de necesidade persoal ou familiar insuficientemente cubertas e de conceder anticipos á conta destas, reguladas no capítulo quinto. Finalmente, o capítulo sexto recolle unha serie de dereitos recoñecidos no ámbito laboral aos afectados por a actividade terrorista.

O título cuarto, no capítulo primeiro, establece as disposicións aplicables á tramitación dos procedementos para o recoñecemento dos resarcimentos, indemnizacións, axudas e condecoracións previstas ao abeiro do regulamento. Así mesmo, establécense no capítulo segundo as normas destinadas a facilitar ás vítimas do terrorismo en situacións transfronteirizas o recoñecemento das indemnizacións a que teñan dereito conforme as lexislacións dos Estados membros da Unión Europea, e recóllense as obrigas derivadas da Directiva 2004/80/CE do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre indemnización ás vítimas dos delitos.

O título quinto incorpora a regulación da Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo, que se pode conceder, de oficio ou por solicitude dos interesados, nos graos de Gran Cruz e Encomenda. Con ela configúrase a acción honorífica específica do Estado co fin de honrar as vítimas do terrorismo.

Finalmente, o título sexto prevé as disposicións relativas á tutela institucional ás vítimas do terrorismo e o anexo contén os modelos de solicitudes de resarcimentos, indemnizacións, axudas e condecoracións regulados no presente regulamento.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Xustiza, de Facenda e Administracións Públicas, e de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de setembro de 2013,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento.*

Apróbase o Regulamento da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio.*

Os procedementos iniciados antes da entrada en vigor do presente regulamento continuarán a súa tramitación de conformidade coas normas que lles sexan de aplicación no momento de presentación da solicitude.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación retroactiva a aqueles que xa obtivesen resarcimentos, indemnizacións e axudas.*

1. Os que, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, percibisen como resultado total dos resarcimentos por danos persoais, así como do aboamento, se é o

caso, da indemnización por responsabilidade civil fixada en sentenza firme, unha contía inferior á sinalada no anexo I da citada lei, poderán solicitar o aboamento das diferenzas que lles poidan corresponder no prazo dun ano contado a partir da entrada en vigor deste regulamento.

2. No prazo dun ano contado a partir da entrada en vigor deste regulamento poderanse solicitar resarcimentos por danos materiais derivados de accións terroristas que tivesen lugar desde o 1 de xaneiro de 1960, cando estes non puidesen ter sido resarcidos no seu día por non estar previsto no ordenamento xurídico. Nas mesmas condicións, salvo a limitación de prazo, poderán solicitarse axudas educativas, por tratamentos médicos, asistencia psicopedagóxica e extraordinarias.

3. Para os feitos cometidos antes da entrada en vigor deste regulamento, o prazo de cinco anos previsto no artigo 49.4 para a concesión de condecoracións empezará a contar desde o día seguinte ao da publicación deste regulamento.

Disposición derogatoria única. *Disposicións que se derrogan.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en todo o que se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o Real decreto 1912/1999, do 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo; o Real decreto 1974/1999, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo, e o Real decreto 288/2003, do 7 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de axudas e resarcimentos ás vítimas de delitos de terrorismo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este regulamento incorpórase ao dereito español a Directiva 2004/80/CE do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre indemnización ás vítimas de delitos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de setembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## REGULAMENTO DA LEI 29/2011, DO 22 DE SETEMBRO, DE RECOÑECIMENTO E PROTECCIÓN INTEGRAL ÁS VÍTIMAS DO TERRORISMO

### TÍTULO PRELIMINAR

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

O presente regulamento ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O réxime de axudas, resarcimentos, indemnizacións e condecoracións recoñecidos polo presente regulamento será de aplicación ás vítimas de actos de terrorismo cometidos en territorio español ou baixo xurisdición española e aos ameazados por organizacións e elementos terroristas conforme o establecido, respectivamente, nos artigos 3 e 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro.

2. Aplicarase igualmente o citado réxime aos feitos cometidos fóra do territorio español, sempre que as vítimas sexan de nacionalidade española e concorra, ademais, algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que os danos fosen causados por actos cometidos por grupos que operen habitualmente en España.
- b) Que as accións terroristas estean dirixidas a atentarse contra o Estado español ou contra os intereses españois.

3. Aplicarase igualmente o citado réxime aos españois vítimas de accións terroristas cometidas fóra do territorio nacional non comprendidos no punto anterior, nas condicións previstas no presente regulamento.

4. Así mesmo, será de aplicación o réxime de axudas, resarcimentos, indemnizacións e condecoracións recoñecidos no presente regulamento aos participantes en operacións de paz e seguridade que formen parte dos continxentes de España no exterior e sexan obxecto dun atentado terrorista.

Para estes efectos, aplicaráselles:

- a) Aos membros das Forzas Armadas españolas que participen nestas operacións, con inclusión daqueles que, dependentes do Ministerio de Defensa, formen parte da tripulación dos medios de transporte en que se realicen os desprazamentos.
- b) Aos membros das forzas e corpos de seguridade do Estado que participen nestas operacións.
- c) Ao persoal ao servizo das administracións públicas, incluíndo o contratado en España a título individual polo Estado, que se desprace ao territorio en que se realice a operación para participar nela ou que se encontre destinado neste territorio.

5. O réxime de axudas, resarcimentos, indemnizacións e condecoracións recoñecidos polo presente regulamento será de aplicación aos feitos que se cometesen desde o 1 de xaneiro de 1960.

##### Artigo 3. *Destinatarios.*

1. Serán destinatarios das axudas, resarcimentos, indemnizacións e condecoracións os afectados polas accións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, a acreditación da condición de afectado terá lugar:

a) Por sentenza firme que recoñeza o dereito a ser indemnizado en concepto de responsabilidade civil polos feitos e danos previstos no ámbito de aplicación da lei.

b) Cando, sen mediar tal sentenza, se levasen a cabo as oportunas dilixencias xudiciais ou a incoación dos procesos penais para o axuizamento dos delitos, caso en que a condición de vítima ou habente dereito, a entidade dos danos sufridos, a natureza dos actos ou feitos causantes e os demais requisitos legalmente exixidos poderán acreditarse ante a Administración xeral do Estado por calquera medio de proba admisible en dereito. Nos supostos recollidos nos números 2, 3 e 4 do artigo 2 deste regulamento, solicitaráselles informe aos titulares dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Defensa e do Interior, no ámbito das súas respectivas competencias, para os efectos de acreditar os puntos anteriores.

3. A concesión das axudas e prestacións recoñecidas neste regulamento someteranse aos principios que, para seren indemnizadas, se establecen no Convenio europeo sobre indemnización ás vítimas de delitos violentos.

4. As resolucións administrativas firmes ditadas por órganos da Administración xeral do Estado das cales derive o recoñecemento aos interesados da condición de vítimas do terrorismo terán eficacia para a tramitación e resolución dos correspondentes expedientes administrativos que se instrúan ao abeiro deste regulamento, de conformidade coas previsións que lles sexan de aplicación.

#### Artigo 4. *Delimitación das axudas, resarcimentos, indemnizacións e condecoracións.*

1. No suposto de falecemento da vítima como consecuencia das accións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento recoñeceranse, nos termos que se prevén nel:

a) O pagamento polo Estado dos gastos de traslado, sepelio e inhumación e, se for o caso, incineración, efectivamente soportados polos familiares da vítima, nos termos do artigo 8.

b) O aboamento polo Estado do resarcimento por falecemento na contía recoñecida no artigo 7.

c) De ser o caso, o aboamento extraordinario a cargo do Estado da cantidade imposta en sentenza firme en concepto de responsabilidade civil polos danos físicos ou psíquicos derivados dos feitos comprendidos no ámbito de aplicación deste regulamento, nos termos establecidos polo capítulo IV do título I.

d) O aboamento dos danos materiais, de conformidade co establecido no título II.

e) As axudas para tratamentos médicos, asistencia sanitaria e psicosocial complementaria recoñecida no capítulo II do título III.

f) As axudas educativas, de conformidade co establecido no capítulo III do título III.

g) As axudas en materia de vivenda establecidas no capítulo IV do título III.

h) As axudas extraordinarias para situacións de necesidade, conforme o disposto no capítulo V do título III.

i) As condecoracións outorgadas polo Estado, de conformidade co establecido no título V deste regulamento.

2. As persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia das accións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento terán dereito ao aboamento polo Estado dos resarcimentos por danos persoais nas contías establecidas polo artigo 10, así como ás indemnizacións, axudas e condecoracións recoñecidas nas alíneas c) a i) do punto anterior.

3. As persoas que fosen obxecto de secuestro, como consecuencia de accións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento, terán dereito ao aboamento do resarcimento nas contías establecidas polo artigo 14 deste regulamento, así como ás indemnizacións, axudas e condecoracións recoñecidas nas alíneas c) a i) do número un.

4. As persoas que sufrisen danos materiais derivados das accións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento e non estean incluídas nalgún dos supostos

anteriores terán dereito a ser resarcidas polo Estado nos termos establecidos no título II do presente regulamento.

5. Os españois que non formen parte de continxentes de España no exterior e sexan vítimas de atentados terroristas no estranxeiro perpetrados por grupos que non operen habitualmente en España e que non estean dirixidos contra o Estado español nin contra intereses españois terán dereito ao aboamento polo Estado dos resarcimentos por danos persoais nas contías establecidas polo artigo 21.

Artigo 5. *Réxime especial de axudas ás persoas ameazadas.*

As persoas ameazadas a que se refire o artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, só terán dereito á prestación polo Estado das axudas extraordinarias do número 4 do artigo 42 deste regulamento.

## TÍTULO I

### Danos persoais

#### CAPÍTULO I

#### Falecemento

Artigo 6. *Titulares.*

1. Serán titulares do dereito de resarcimento por falecemento, con referencia á data en que este se producise:

a) O cónxuxe da persoa falecida, se non están legalmente separados, ou a persoa que convivise con ela de forma permanente con análoga relación de afectividade polo menos os dous anos inmediatamente anteriores ao momento do falecemento, salvo que tivesen descendencia en común, caso en que abondará a simple convivencia; e os fillos da persoa falecida.

b) No caso de inexistencia dos anteriores, serán destinatarios, por orde sucesiva e excluínte, os pais, os netos, os irmáns e os avós da persoa falecida.

c) En defecto dos anteriores, os fillos da persoa convivente e os menores en acollemento familiar permanente ou preadoptivo da persoa falecida, cando dependan economicamente dela.

2. De concorreren dentro dun mesmo parágrafo do punto anterior varios beneficiarios, a distribución da contía correspondente ao resarcimento efectuarase da seguinte maneira:

a) No suposto previsto na alínea a), a cantidade repartirase por metades, unha corresponderá ao cónxuxe non separado legalmente ou convivente e a outra aos fillos, a cal se distribuirá entre eles por partes iguais.

b) No suposto previsto na alínea b), a contía repartirase por partes iguais entre as persoas co mesmo parentesco.

c) No suposto previsto na alínea c), a contía repartirase por partes iguais entre os beneficiarios concurrentes.

3. Para os efectos deste artigo, entenderase que unha persoa depende economicamente do falecido cando, no momento do falecemento, vive total ou parcialmente a expensas deste e non percibe en cómputo anual rendas ou ingresos de calquera natureza superiores ao 150 por cento do indicador público de renda que corresponda naquel momento, tamén en cómputo anual.



**Artigo 7. Contías.**

A contía de indemnización en caso de falecemento por acto terrorista será de 250.000 €, cantidade que será incrementada nunha cantidade fixa de 20 mensualidades do indicador público de renda que corresponda á data do acto terrorista en razón de cada un dos fillos ou menores acollidos que dependan economicamente da vítima no momento do falecemento.

**Artigo 8. Gastos de sepelio e inhumación.**

1. A Administración xeral do Estado aboará os gastos de traslado, sepelio e inhumación e/ou incineración das persoas que faleceron como consecuencia dun atentado terrorista que non estean cubertos por unha póliza de seguro, ata o límite de 6.000 euros.

2. Os gastos serán satisfeitos coa presentación previa das facturas correspondentes. Será necesario que vaian acompañadas da póliza de seguro que cubra estes gastos ou da declaración responsable de ausencia de seguro.

**CAPÍTULO II****Danos físicos ou psíquicos****Artigo 9. Titulares.**

Serán titulares do dereito ao resarcimento por danos persoais, que comprenderán os danos físicos e psíquicos, aqueles que os padecesen.

**Artigo 10. Contías.**

1. As contías dos resarcimentos por danos persoais serán as seguintes:

- a) Grande invalidez: 500.000 euros.
- b) Incapacidade permanente absoluta: 180.000 euros.
- c) Incapacidade permanente total: 100.000 euros.
- d) Incapacidade permanente parcial: 75.000 euros.
- e) Lesións permanentes non invalidantes: determinarase de acordo co sistema de valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación establecido no anexo do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, actualizadas as súas contías pola resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións do Ministerio de Economía e Competitividade, vixente no momento de presentación da solicitude, e de acordo co baremo resultante da aplicación da lexislación de Seguridade Social sobre contías das indemnizacións das lesións, mutilacións e deformacións definitivas e non invalidantes, causadas por accidente de traballo ou enfermidade profesional. O importe total non poderá exceder, en ningún caso, a contía sinalada para a incapacidade permanente parcial.
- f) Incapacidade temporal: duplo do indicador público de renda diario que corresponda ao período en que se encontre en situación de incapacidade temporal, ata o límite de 18 mensualidades. Para estes efectos, entenderase que a vítima se encontra en situación de incapacidade temporal mentres reciba asistencia sanitaria e estea impedida para o exercicio das súas actividades profesionais ou habituais.

2. As vítimas afectadas por un grao de incapacidade permanente terán dereito a que a axuda sexa incrementada nunha cantidade fixa de 20 mensualidades do indicador público de renda que corresponda en razón de cada un dos fillos ou menores acollidos que dependan economicamente da vítima no momento do acto terrorista que causou a lesión.

#### Artigo 11. *Cualificación das lesións.*

1. Para a cualificación das lesións para efectos de indemnización será preceptivo o ditame emitido polo equipo de valoración de incapacidades que determine o Instituto Nacional de Seguridade Social, no cal en todo caso se integrará unha persoa designada polo Ministerio do Interior, para o efecto da valoración do nexo causal destas cos actos terroristas.

O equipo de valoración de incapacidades só requirirá o recoñecemento persoal da vítima e a práctica de probas complementarias nos casos en que sexa indispensable. Non será necesario someterse a novos recoñecementos médicos no suposto de que os órganos competentes da Administración xeral do Estado elaborasen xa un informe de cualificación de lesións, caso en que a citada cualificación terá carácter vinculante para o órgano instrutor do procedemento.

O custo dos informes, probas ou exploracións complementarias será financiado con cargo aos créditos da sección correspondente do orzamento de gastos do Estado, e o Ministerio do Interior efectuará o ingreso das cantidades correspondentes á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. O informe médico de síntese consolidado practicarao un facultativo pertencente aos servizos médicos da dirección provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social en que o interesado teña a súa residencia ou, no seu defecto, o órgano equivalente do servizo de saúde pública da comunidade autónoma.

3. Para as vítimas non residentes no territorio nacional, o ditame emitirase á vista dos informes periciais emitidos con motivo das actuacións penais seguidas e dos informes e probas complementarias que sexa preciso solicitar á legación consular máis próxima ao lugar de residencia da vítima.

4. A cualificación das lesións invalidantes dos membros das Forzas Armadas, Garda Civil ou Corpo Nacional de Policía será efectuada polos seus respectivos órganos médico-periciais ou tribunais. Para estes efectos, incorporárase, en todo caso, unha persoa designada polo Ministerio do Interior para emitir informe sobre a valoración do nexo causal.

5. A cualificación das lesións permanentes non invalidantes poderaa efectuar, se é caso, a asesoría médica adscrita á unidade administrativa instrutora das axudas e indemnizacións, a cal poderá solicitar informes médicos complementarios aos diferentes servizos sanitarios públicos.

#### Artigo 12. *Pagamentos á conta.*

1. O sistema de pagamentos á conta aplicarase nos supostos de incapacidade temporal e de lesións invalidantes derivadas de accións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento.

2. O Ministerio do Interior poderá anticipar ata 18.030,36 €, á conta da percepción da axuda definitiva nos casos en que, pola gravidade das lesións sufridas, sexa razoable presumir unha posterior declaración de incapacidade permanente total, absoluta ou unha grande invalidez da vítima.

En tales casos, por instancia de parte ou de oficio polo Ministerio do Interior cando o afectado estea imposibilitado para facelo, o órgano instrutor en materia de atención a vítimas do terrorismo tramitará un expediente con carácter de urxencia no cal, unha vez comprobado o nexo causal entre as lesións e os feitos incluídos no ámbito de aplicación deste regulamento, examinará os informes médicos achegados, para efectos de valorar a presumible incapacidade futura da vítima, e propondrá á Dirección Xeral de Apoio ás Vítimas do Terrorismo a resolución correspondente sobre a cantidade que deba ser anticipada.

Cando o afectado non estea de acordo coa contía fixada na resolución, poderá solicitar o seu reexame no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

3. Nos demais supostos de lesións invalidantes ou de incapacidade temporal, as cantidades á conta serán equivalentes ás que resulten de multiplicar o duplo do indicador



público de renda vixente na data en que se produciu a lesión polos días de incapacidade, e o seu aboamento terá unha periodicidade trimestral.

A instrución e resolución do procedemento para a súa concesión corresponderá aos órganos sinalados no punto anterior. Para ditar a resolución de concesión, abondará con que no expediente quedase acreditada a condición de beneficiario e a situación de baixa médica ou incapacidade temporal do beneficiario. O primeiro pagamento á conta estará supeditado, porén, á presentación do documento que probe a permanencia da situación de baixa ou incapacidade laboral da vítima durante todo o período trimestral transcorrido. Os sucesivos aboamentos, tamén de periodicidade trimestral, produciranse a medida que se acredite a prolongación da baixa, ata un prazo máximo de 18 meses.

4. Unha vez concedida a alta médica e, en todo caso, transcorrido o prazo de 18 meses previsto no punto anterior, tramitarase expediente para o pagamento total do resarcimento que corresponda, do cal se descontarán as cantidades previamente aboadas.

### CAPÍTULO III

#### Secuestro

##### Artigo 13. *Titulares.*

A persoa que fose obxecto de secuestro, como consecuencia das accións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento, coa existencia dalgunha condición para a súa liberdade, terá dereito ás prestacións recoñecidas no artigo seguinte.

##### Artigo 14. *Contía.*

Procederá o aboamento de 12.000 euros polo acto do secuestro e o triplo do indicador público de renda diario por cada día de duración do secuestro, ata o límite da indemnización fixada por incapacidade permanente parcial.

Poderá ser resarcido, se é o caso, polos danos persoais que o acto do secuestro lle causase.

### CAPÍTULO IV

#### Aboamento da responsabilidade civil fixada en sentenza

##### Artigo 15. *Titulares.*

As vítimas de accións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento terán dereito a ser resarcidas polo Estado, que asumirá con carácter extraordinario o aboamento das correspondentes indemnizacións en concepto de responsabilidade civil por morte ou por danos físicos ou psíquicos.

##### Artigo 16. *Contía.*

1. As obrigas asumidas polo Estado, conforme o disposto no artigo anterior, estenderanse ao pagamento das indemnizacións que deriven das seguintes contingencias:

- a) Falecemento.
- b) Grande invalidez.
- c) Incapacidade permanente absoluta.
- d) Incapacidade permanente total.
- e) Incapacidade permanente parcial.
- f) Lesións permanentes non invalidantes.
- g) Secuestro.

2. A contía das indemnizacións determinarase da seguinte maneira:

a) Cando exista sentenza firme que recoñeza unha indemnización por responsabilidade civil, ben sexa por falecemento, ben por danos físicos ou psíquicos causantes dalgunha das contingencias especificadas no parágrafo anterior, aboarase a cantidade fixada nela, co límite establecido no ordinal terceiro.

b) Cando a sentenza firme non recoñeza nin permita recoñecer unha cantidade en concepto de responsabilidade civil por danos físicos ou psíquicos, aboarase a contía prevista no anexo I da Lei 29/2011, do 22 de setembro.

3. A cantidade total que aboará o Estado en concepto de responsabilidade civil fixada en sentenza non excederá as seguintes contías:

- a) Falecemento: 500.000 €.
- b) Grande invalidez: 750.000 €.
- c) Incapacidade permanente absoluta: 300.000 €.
- d) Incapacidade permanente total: 200.000 €.
- e) Incapacidade permanente parcial: 125.000 €.
- f) Lesións permanentes non invalidantes: 100.000 €.
- g) Secuestro: 125.000 €.

#### Artigo 17. *Réxime xurídico.*

1. En ningún caso o aboamento previsto neste capítulo supón a asunción de responsabilidade civil subsidiaria por parte do Estado nos procesos penais.

2. Cando as persoas a que se se refire o artigo 15 tivesen percibido o resarcimento por danos persoais, a contía do aboamento extraordinario da responsabilidade civil por parte do Estado estenderase unicamente á diferenza que poida existir entre a cantidade fixada por responsabilidade civil en sentenza firme, cos límites establecidos no ordinal terceiro do artigo anterior, e a percibida por danos persoais.

#### Artigo 18. *Subrogación do Estado nas accións de responsabilidade civil.*

1. O Estado subrogarase nas accións que os perceptores das indemnizacións e prestacións recibidas en aplicación desta lei poidan exercer contra os responsables dos actos de terrorismo ata o límite da indemnización satisfeita polo Estado. Para estes efectos deberán, con carácter previo á percepción das axudas e prestacións, transmitir ao Estado as accións civís correspondentes.

2. Os destinatarios das indemnizacións e prestacións por terrorismo aos cales a sentenza xudicial recoñeceu dereitos de resarcimento por un importe superior ao recibido do Estado en aplicación desta lei, conservarán a acción civil para reclamar a diferenza aos responsables da acción delituosa causante dos danos.

3. Para tales fins, as persoas que teñan dereito a ser indemnizadas xuntarán á súa solicitude o documento polo que transmiten ao Estado as accións derivadas da responsabilidade civil que lles poidan corresponder.

#### Artigo 19. *Comunicación cos órganos xurisdicionais.*

As concesións de indemnización comunicaránse ao órgano xurisdiccional que tiver ditado a resolución que declarou a responsabilidade civil en que o Estado tiver quedado subrogado.

## CAPÍTULO V

### Axudas excepcionais por danos sufridos no estranxeiro

#### Artigo 20. *Titulares.*

Os españois que non formen parte de continxentes de España no exterior e sexan vítimas de atentados terroristas no estranxeiro perpetrados por grupos que non operen habitualmente en España e que non estean dirixidos contra o Estado español nin contra intereses españois terán dereito a percibir o resarcimento excepcional regulado no presente capítulo.

#### Artigo 21. *Contía.*

1. Se o español ten a súa residencia habitual no país en que se produce a acción terrorista, corresponderalle o 50 % das cantidades fixadas para os supostos de falecemento, danos persoais e secuestro nos artigos 7, 10 e 14 deste regulamento.

2. Se o español non ten residencia habitual no dito país, a axuda que se percibirá será do 40 % das cantidades sinaladas nos artigos citados no punto precedente.

#### Artigo 22. *Carácter subsidiario.*

1. Esta axuda terá carácter subsidiario das que poidan ser recoñecidas á vítima polo Estado onde se produza o atentado. Para tal efecto, o órgano instrutor poderá solicitar a información pertinente a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. Unicamente se aboará a axuda excepcional prevista neste capítulo cando o beneficiario non reciba indemnización ou axuda do Estado onde se cometeu o feito ou cando a reciba por importe inferior á prevista no artigo anterior, e neste caso só pola diferenza. Se o Estado español satisfíxese unha axuda excepcional e logo o beneficiario percíbise outra do Estado onde se cometeu o feito, estará obrigado a reintegrar a primeira, en todo ou en parte segundo proceda.

## TÍTULO II

### Danos materiais

#### Artigo 23. *Danos resarcibles.*

1. Os resarcimentos por danos materiais comprenderán os causados nas vivendas, nos establecementos mercantís e industriais ou en elementos produtivos das empresas, nas sedes de partidos políticos, de sindicatos ou de organizacións sociais e os producidos en vehículos, cos requisitos e limitacións establecidos no presente real decreto.

2. Os resarcimentos terán carácter subsidiario respecto de calquera outro recoñecido polas administracións públicas ou derivados de contrato de seguro, e reduciranse na cantidade percibida por estes conceptos. O conxunto de resarcimentos non poderá superar, en ningún caso, o valor do dano producido.

3. Non serán resarcibles os danos causados en bens de titularidade pública.

#### Artigo 24. *Danos en vivendas.*

1. Nas vivendas habituais serán obxecto de resarcimento os danos sufridos na estrutura, instalacións e mobiliario que resulte necesario repoñer para que aquelas recuperen as súas condicións anteriores de habitabilidade, excluindo os elementos que a Administración considere que teñen carácter suntuario.

Nas vivendas que non teñan carácter habitual, o resarcimento comprenderá o 50 % dos danos co límite de 113.680 euros.

2. Entenderase por vivenda habitual, para os efectos deste regulamento, a edificación que constituía a residencia dunha persoa ou unidade familiar durante un

período de, polo menos, seis meses ao ano. Igualmente se entenderá que a vivenda é habitual nos casos de ocupación desta en tempo inferior a un ano sempre que se residise nela un tempo equivalente, polo menos, á metade do transcorrido desde a data en que comezase a ocupación.

Artigo 25. *Aloxamento provisional.*

1. Os gastos derivados do aloxamento provisional das persoas que teñan que abandonar temporalmente a súa vivenda aboaranse mentres duren as obras de reparación, co límite de 90 euros diarios se o aloxamento ten lugar nun establecemento hoteleiro ou de 1.500 euros mensuais se se trata do alugamento dunha vivenda.

2. Para estes efectos, o Ministerio de Interior poderá celebrar convenios ou acordos con outras administracións públicas ou organizacións especializadas no auxilio ou asistencia a damnificados en situacións de catástrofe ou sinistro.

Artigo 26. *Danos en establecementos mercantís ou industriais.*

1. Serán resarcibles os danos sufridos na estrutura, instalacións, mobiliario e equipamento necesarios para poñer novamente en funcionamento os establecementos mercantís ou industriais, cun máximo de 113.680 euros por establecemento.

2. Con independencia destas reparacións, a Administración xeral do Estado, en supostos excepcionais e, en particular, cando quede interrompida a actividade dunha empresa, con risco de perda dos seus postos de traballo, poderá subsidiar préstamos destinados a restablecer a actividade.

O subsidio consistirá no aboamento á entidade de crédito prestamista da diferenza existente entre os pagamentos de amortización de capital e xuros, ao tipo de xuro fixado pola entidade prestamista, e os que corresponderían ao tipo de xuro subsidiado, que será o do xuro legal do diñeiro no momento de formalización do préstamo menos tres puntos porcentuais de xuro anual.

3. Tamén poderá celebrar a Administración xeral do Estado convenios con entidades de créditos a baixo xuro, coa finalidade indicada no punto precedente.

Artigo 27. *Danos en sedes de partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais.*

1. Serán resarcibles os danos sufridos nas sedes de partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais, incluíndo o mobiliario e o equipamento sinistrado, na contía necesaria para que recuperen as súas condicións anteriores de funcionamento e poidan restablecer a súa actividade.

2. Inclúiranse entre as organizacións sociais as asociacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro cuxo obxecto sexa a representación e defensa dos intereses das vítimas do terrorismo.

3. Igualmente, serán resarcibles os danos desta natureza sufridos nas sedes ou lugares de culto pertencentes a confesións relixiosas inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas, na contía anteriormente precisada.

Artigo 28. *Danos en vehículos.*

1. Serán resarcibles os danos sufridos en vehículos particulares, así como nos destinados ao transporte terrestre de persoas ou mercadorías, sempre que se dispoña de póliza de seguro obrigatorio de vehículo vixente no momento do dano, cando esta sexa exixible segundo a normativa reguladora do dito seguro.

2. O resarcimento comprenderá o importe dos gastos necesarios para a súa reparación. En caso de destrución do vehículo, ou se a reparación é superior ao valor venal, a indemnización abranguerá o importe no mercado dun vehículo de similares características e condicións de uso ao sinistrado ata o límite de 30.500 euros. O informe pericial fará constar o valor das reparacións ou o de reposición, segundo proceda.

Artigo 29. *Taxación de danos materiais.*

1. A taxación pericial dos danos materiais será realizada polos servizos competentes do Consorcio de Compensación de Seguros, que terá dereito ao aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que o dito consorcio tivese aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

2. Na taxación pericial deberanse valorar tanto os danos indemnizables polo Consorcio, de acordo coa súa propia normativa, como os resarcibles pola Administración, conforme o disposto neste regulamento.

3. Nos expedientes de resarcimento de danos materiais de contía inferior a 1.803,04 euros será suficiente, para o seu recoñecemento na correspondente resolución administrativa, o informe pericial do Consorcio de Compensación de Seguros.

4. Non obstante, poderase prescindir da peritación cando a contía total dos danos, acreditada mediante a factura ou orzamento de reparación orixinais, non alcance 600 euros, se lle consta á Administración o cumprimento dos demais requisitos exigibles.

### TÍTULO III

#### **Asistencia inmediata, axudas e dereitos sociais**

#### CAPÍTULO I

##### **Asistencia inmediata**

Artigo 30. *Asistencia psicolóxica e psiquiátrica inmediata.*

As persoas afectadas por un atentado terrorista recibirán de inmediato, con carácter gratuíto, a asistencia psicolóxica e psiquiátrica necesaria para cubrir as súas necesidades de atención, durante todo o tempo que precisen de acordo cos criterios médicos e buscando a súa mellor e máis pronta recuperación.

Artigo 31. *Asistencia sanitaria de urxencia.*

1. A asistencia sanitaria de urxencia prestarana os órganos e entidades que compoñen o Sistema nacional de saúde nas condicións que establezan as súas normas de funcionamento.

2. As autoridades sanitarias e o persoal de dirección dos establecementos sanitarios adoptarán procedementos específicos dirixidos a localizar e informar os familiares das vítimas sobre o seu estado. O Ministerio do Interior solicitará das citadas autoridades e centros sanitarios tanta información precise para a debida prestación dos servizos de atención ás vítimas do terrorismo e aos seus familiares.

#### CAPÍTULO II

##### **Axudas para asistencia sanitaria e psicosocial complementaria**

Artigo 32. *Tratamentos médicos e asistencia sanitaria complementaria.*

1. As persoas que sufrisen danos físicos terán dereito a que lles sexan resarcidos os gastos por tratamentos médicos, próteses e intervencións cirúrxicas que garden vinculación coas accións terroristas, cando quede acreditada a súa necesidade e non estean cubertos polo sistema público ou privado de previsión a que estas persoas se encontren acollidas.

2. Para xustificar a necesidade e a non cobertura pública ou privada da axuda xuntarase á solicitude un informe médico que o acredite e unha certificación da entidade aseguradora da vítima de que a axuda non entra na cobertura das súas prestacións. O

órgano instrutor poderá solicitar a certificación anterior, co consentimento previo do interesado, cando o sistema de aseguramento ou previsión sexa público.

3. Estes gastos poderán ser aboados directamente á entidade prestameira ou ao destinatario da axuda, logo da presentación da factura orixinal acreditativa.

#### Artigo 33. *Tratamento psicolóxico.*

1. As vítimas e ameazados e os seus familiares ou persoas con quen convivan, que sufran secuelas psicolóxicas derivadas dos actos de terrorismo que se manifesten con posterioridade, terán dereito ao financiamento do custo da atención psicolóxica, logo de prescrición facultativa, cun límite de 3.600 euros por tratamento individualizado.

2. Para tal efecto, a Administración xeral do Estado poderá establecer os oportunos concertos con outras administracións públicas ou con entidades privadas especializadas nesta asistencia.

En defecto dos oportunos concertos, a Administración xeral do Estado poderá financiar o custo dos tratamentos individuais requiridos sempre que quede acreditada, ao xuízo da Dirección Xeral de Apoio a Vítimas do Terrorismo do Ministerio do Interior, a súa necesidade, vinculación coas accións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento e falta de adecuación do tratamento psicolóxico prestado polo sistema de previsión público ou privado ao trauma causado polas accións terroristas.

A axuda correspondente aboarase por trimestres vencidos ao profesional interviniente, coa presentación previa das facturas orixinais dos honorarios correspondentes.

#### Artigo 34. *Apoio psicopedagóxico.*

O Ministerio do Interior, en cooperación coas comunidades autónomas e no marco da normativa que regula a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, desenvolverá as medidas necesarias para que os alumnos de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria que, como consecuencia das accións comprendidas no ámbito de aplicación deste regulamento, padezan problemas de aprendizaxe ou adaptación social, poidan recibir apoio psicopedagóxico, prioritario e gratuíto.

### CAPÍTULO III

#### **Axudas educativas**

#### Artigo 35. *Titulares.*

Concederanse axudas de estudo cando, como consecuencia dun acto terrorista, deriven para o estudante, para o seu viúvo ou viúva, parella de feito ou fillos do falecido, ou para os seus pais, irmáns, titores ou gardadores, danos persoais que os incapaciten para o exercicio da súa profesión habitual.

#### Artigo 36. *Contido.*

1. As citadas axudas poderanse conceder para iniciar ou proseguir ensinanzas, nas contías que se indican por cada curso escolar:

- a) Primeiro ciclo de educación infantil: 1.000 euros.
- b) Segundo ciclo de educación infantil e educación primaria: 400 euros.
- c) Educación secundaria obrigatoria: 400 euros.
- d) Bacharelato: 1.000 euros.
- e) Formación profesional de grao medio e superior: 1.500 euros.
- f) Grao ou equivalente: 1.500 euros.
- g) Máster: 1.500 euros.



- h) Outros estudos superiores: 750 euros.
- i) Ensinanzas de idiomas en centros oficiais: 300 euros.

2. Estas cantidades incrementaranse nun 20 % sempre que o centro de estudos diste, polo menos, 50 km da localidade en que se encontre o domicilio familiar, e nun 40 % se a asistencia ao citado centro implica cambio de residencia respecto do domicilio familiar.

#### Artigo 37. *Requisitos.*

1. Para ser destinatario das axudas será preciso non estar en posesión ou non reunir os requisitos legais para a obtención dun título do mesmo nivel ou de nivel superior ao dos estudos para os cales se solicita a axuda.

2. Nos niveis de bacharelato ou formación profesional media ou superior, ensinanzas universitarias conducentes ao título de grao, máster universitario, ensinanzas de idiomas e outros estudos superiores non integrados na universidade, serán de aplicación os requisitos académicos de matriculación e carga lectiva superada establecidos no capítulo III do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime de bolsas e axudas ao estudo.

Non obstante, para o cálculo dos rendementos académicos mínimos exixidos aos beneficiarios das axudas ao estudo, o Ministerio do Interior aplicará un coeficiente corrector do 0,60 aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo que requiran dunha adaptación curricular ou dun aumento de tempos para realizaren os estudos nos supostos de incapacidade física ou psíquica.

3. De maneira motivada, o Ministerio do Interior poderá eximir do cumprimento dos requisitos académicos mínimos o solicitante da axuda, atendendo á data de comisión do atentado terrorista ou á súa repercusión no solicitante e/ou no seu ámbito familiar.

#### Artigo 38. *Incompatibilidades.*

1. As axudas ao estudo percibidas pola condición de vítima de terrorismo serán incompatibles coas percibidas polos mesmos conceptos doutras administracións. En caso de percepción de máis dunha axuda polo mesmo concepto, procederase á revogación da axuda concedida polo Ministerio do Interior.

2. Só se concederá unha axuda por curso, aínda que se realicen de forma simultánea varios cursos ou graos universitarios.

#### Artigo 39. *Taxas académicas.*

A Administración xeral do Estado, en cooperación coas comunidades autónomas, acordará as medidas necesarias para eximir do pagamento das taxas e prezos polos servizos académicos nos centros oficiais de estudos aqueles que sufrisen danos físicos ou psíquicos de carácter permanente como consecuencia da actividade terrorista, así como os fillos dos anteriores e das persoas falecidas en actos terroristas.

### CAPÍTULO IV

#### **Axudas en materia de vivenda pública**

#### Artigo 40. *Vivenda pública.*

1. A Administración xeral do Estado, en cooperación coas comunidades autónomas, acordará as medidas necesarias para que os beneficiarios do réxime de axudas e indemnizacións previsto neste regulamento teñan unha consideración preferente na adxudicación de vivendas de protección pública a prezo taxado ou para arrendamento.

2. Para estes efectos, os plans estatais de vivenda incluírán medidas específicas para facilitar o acceso ás vivendas de protección pública en réxime de propiedade ou

arrendamento. En particular, estas medidas poderán exonerar a aplicación de requisitos de limiares de renda familiar cando as secuelas padecidas que deriven do atentado terrorista sexan de tal entidade que obriguen a un cambio de vivenda.

Artigo 41. *Axudas para a adaptación de vivenda.*

A Administración xeral do Estado, en cooperación coas comunidades autónomas, acordará as medidas necesarias para a adaptación de vivendas cando esta sexa necesaria en atención ás secuelas derivadas das accións incluídas no ámbito de aplicación do presente regulamento. Sen prexuízo disto, o Ministerio do Interior atenderá con carácter extraordinario o aboamento de axudas destinadas a esa finalidade, de conformidade co establecido no artigo seguinte.

## CAPÍTULO V

### **Axudas extraordinarias e anticipos**

Artigo 42. *Axudas extraordinarias.*

1. O Ministerio de Interior poderá conceder axudas extraordinarias para paliar situacións de necesidade persoal ou familiar plena ou insuficientemente cubertas polo réxime de axudas e indemnizacións previstas neste regulamento.

2. Nos supostos de danos persoais, as axudas poderán cubrir necesidades sociais, sanitarias, psicolóxicas ou educativas, logo da avaliación efectuada polos órganos competentes do Ministerio do Interior.

3. Nos supostos de danos materiais, as axudas poderán cubrir a adaptación ou cambio de vivenda cando as secuelas do atentado terrorista así o exixan, así como aquelas outras necesidades persoais ou familiares derivadas da acción terrorista.

4. As persoas que acrediten a condición de ameazado poderán percibir axudas que faciliten o traslado de localidade, abandono de vivenda, gastos de escolarización e outros que garden relación con esta situación.

5. Estas axudas serán compatibles coas axudas ordinarias reguladas por este regulamento e poderán ser solicitadas polas vítimas ou familiares que convivan con elas, ou ben ser promovidas de oficio polo Ministerio de Interior, en atención á necesidade detectada. O órgano competente en materia de axudas e resarcimentos ás vítimas do terrorismo elevará a proposta de concesión ao titular do Ministerio do Interior.

Artigo 43. *Anticipos.*

En supostos de perentoria necesidade, poderanse outorgar anticipos á conta das axudas extraordinarias, gastos de asistencia médica, traslados de afectados e aloxamentos provisionais, cuxa contía non excederá o 70 % da que previsiblemente lle vaia corresponder na resolución que acorde a súa concesión.

## CAPÍTULO VI

### **Dereitos laborais**

Artigo 44. *Dereitos laborais.*

As persoas incluídas nos artigos 5 e 33 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, terán dereito para faceren efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral:

a) Á redución da xornada de traballo con diminución proporcional do salario ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de reordenación do tempo de traballo que se utilicen na

empresa, nos termos do artigo 37.7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

b) Á mobilidade xeográfica, mediante o dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo, nos termos expresados no artigo 40.3 bis do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

#### Artigo 45. *Dereitos dos empregados públicos.*

As persoas a que se refire o artigo anterior que teñan a condición de funcionarios públicos e de persoal laboral ao servizo das administracións públicas terán dereito á redución ou á reordenación do seu tempo de traballo e á mobilidade xeográfica, nos termos previstos no artigo 35 da Lei 29/2011 e na lexislación específica.

#### Artigo 46. *Políticas activas de emprego.*

As persoas incluídas no artigo 34 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, terán dereito:

a) A ser beneficiarias das medidas de bonificación á contratación previstas na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

b) A ser beneficiarias de medidas de inserción laboral para colectivos con especiais dificultades para o acceso e permanencia no emprego, de conformidade co previsto na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

#### Artigo 47. *Convenios con empresas para facilitar a contratación de vítimas do terrorismo.*

O Ministerio do Interior, co fin de facilitar a contratación das vítimas do terrorismo e a mobilidade xeográfica para aquelas que precisen trasladar a súa residencia coa garantía dun emprego, promoverá a subscripción de convenios de colaboración con empresas para fomentar a sensibilización sobre a violencia terrorista e a inserción laboral das vítimas.

## TÍTULO IV

### Procedementos

#### CAPÍTULO I

#### **Procedemento xeral para o recoñecemento de resarcimentos, indemnizacións e axudas**

#### Artigo 48. *Iniciación do procedemento. Forma e lugar de presentación das solicitudes.*

1. O procedemento para o recoñecemento dos resarcimentos, indemnizacións e prestacións regulados no presente regulamento iniciarase mediante solicitude da persoa interesada, directamente ou por medio dun representante acreditado por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, que deberá ser formalizada conforme os modelos contidos no anexo. As solicitudes estarán igualmente dispoñibles para a súa formalización e presentación na sede electrónica do Ministerio do Interior no enderezo <https://sede.mir.gob.es>.

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación acreditativa da condición de afectado, conforme o establecido no artigo 3.2 deste regulamento ou, se é o caso, do grao de parentesco coa vítima.

Se se solicitan axudas ao estudo, deberá xuntarse a documentación acreditativa dos créditos nos cales se matriculase e do rendemento académico exixido de acordo co artigo 37 deste regulamento.

O solicitante non deberá presentar documentación que estea en poder da Administración actuante, caso en que poderá autorizala para que obteña no seu nome a documentación necesaria para a tramitación do expediente.

2. Os procedementos de concesión das condecoracións previstas no artigo 60 iniciaranse por solicitude do interesado ou das persoas indicadas no artigo 6 deste regulamento para, por orde de presentación da solicitude, instar a que corresponda á persoa falecida. Non obstante, este procedemento tamén o pode iniciar de oficio o Ministerio do Interior, coa consulta previa cos destinatarios, cando teña coñecemento dos feitos que poidan dar lugar ao recoñecemento.

3. A presentación de solicitudes poderase realizar no Rexistro Xeral do Ministerio do Interior, nos rexistros de calquera órgano administrativo da Administración xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas ou de calquera entidade local que subscribise o oportuno convenio, nas oficinas de Correos ou nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro. Así mesmo, as solicitudes poderanse presentar de forma electrónica a través do Rexistro Electrónico do Ministerio do Interior (<https://sede.mir.gob.es>).

#### Artigo 49. *Prazo de presentación de solicitudes.*

1. O prazo de presentación de solicitudes de indemnización por danos persoais ou materiais será dun ano, contado desde o día en que se produciron os danos.

No caso de danos persoais, computarase desde a data de alta ou consolidación de secuelas, conforme acredite o Sistema nacional de saúde.

Se, como consecuencia directa das lesións, se produce un agravamento de secuelas ou o falecemento do afectado derivado das lesións sufridas como consecuencia do acto terrorista, abrírase de novo o prazo dun ano para solicitar a diferenza cuantitativa que proceda.

Se a vítima incapacitada falecese por causa distinta ás secuelas derivadas do atentado, resultarán destinatarios da indemnización que lle correspondese ao causante as persoas a que se refire o artigo 6 deste regulamento, segundo a orde de preferencia establecida nel.

No caso de danos psicolóxicos, o prazo dun ano computarase desde o momento en que exista un diagnóstico acreditativo da causalidade da secuela.

2. O prazo para solicitar o aboamento con carácter extraordinario da responsabilidade civil fixada en sentenza firme será dun ano desde a notificación ao interesado da sentenza ou, se é o caso, da resolución xudicial que fixe a contía indemnizatoria.

3. O prazo de presentación de solicitudes de axudas ao estudo será de tres meses desde a formalización da matrícula do curso para o cal se solicita a axuda.

4. O prazo para solicitar as condecoracións previstas no artigo 60 será de cinco anos contados desde a comisión do acto terrorista ou desde que a Administración pública teña coñecemento deste.

#### Artigo 50. *Emenda e mellora da solicitude.*

1. Se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de quince días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fai, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

2. O prazo mencionado no punto anterior poderá ser ampliado ata 5 días, por pedimento da persoa interesada ou por iniciativa do órgano instrutor, cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.

*Artigo 51. Instrución do procedemento.*

1. O procedemento para o recoñecemento dos resarcimentos, indemnizacións e axudas será instruído polo órgano competente en materia de atención a vítimas dependente do Ministerio do Interior, que actuará como portelo único de calquera outro procedemento que o interesado poida deducir ante a Administración xeral do Estado.

2. Os procedementos axustaranse ao disposto neste título e, no non previsto, ás previsións xerais contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e na normativa de desenvolvemento das anteriores.

3. Non se requirirá a achega documental do interesado referida a feitos notorios ou circunstancias cuxa acreditación conste nos antecedentes ou arquivos da Administración actuante.

Para tal efecto, o órgano instrutor poderá demandar do Instituto Nacional da Seguridade Social do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e da Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa os datos correspondentes ao recoñecemento de pensións extraordinarias por delitos de terrorismo que afecten o solicitante. Igualmente, poderá solicitar a información que precise para substanciar de forma adecuada o procedemento.

Así mesmo, poderá solicitar ás autoridades policiais, ás autoridades consulares, ao Ministerio Fiscal, aos órganos xurisdiccionais, aos órganos autonómicos competentes en materia de atención a vítimas do terrorismo, así como ás autoridades sanitarias, co consentimento previo do interesado, a información que precise para substanciar de forma adecuada o procedemento.

4. Se durante a instrución dun procedemento de concesión de indemnización polo falecemento dunha persoa como consecuencia de atentado terrorista se advirte a existencia doutras persoas que sexan titulares deste dereito ao mesmo nivel que o primeiro solicitante seguindo a orde de prelación prevista no artigo 6 deste regulamento, cuxa identificación resulte do expediente, comunicaráselles a estas persoas, por instancia de parte ou de oficio polo órgano instrutor, a tramitación deste procedemento para a súa consideración como parte interesada.

5. Corresponderalle ao Ministerio do Interior a tramitación dos procedementos de concesión das condecoracións, o cal que queda facultado para solicitar de toda clase de tribunais, autoridades, centros oficiais e entidades, os informes que considere convenientes para a determinación de que procede o outorgamento, se é o caso. En todo caso, a condición de vítima do terrorismo ou ileso quedará acreditada mediante informe do Ministerio do Interior, de conformidade co establecido no artigo 3 deste regulamento.

*Artigo 52. Suspensión do procedemento.*

1. O transcurso do prazo máximo legalmente previsto para resolver o procedemento e notificar a resolución poderase suspender nos seguintes casos:

a) Cando o interesado deba ser requirido para a emenda de deficiencias e a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario ou, no seu defecto, o transcurso do prazo concedido, sen prexuízo do disposto no artigo 50 do presente regulamento.

b) Cando calquera dos tribunais médicos a que se refire o artigo 11 do presente regulamento deba realizar as avaliacións médicas das lesións sufridas polos interesados, polo tempo que medie entre a petición de exame e valoración ao tribunal médico correspondente, que se lle deberá comunicar ao interesado, e a recepción da acta médica polo órgano instrutor.

c) Cando, con motivo da instrución dun expediente indemnizatorio por danos materiais, os servizos competentes do Consorcio de Compensación de Seguro deban

realizar as taxacións periciais dos ditos danos, polo tempo que medie entre a petición de valoración ao citado organismo, que se lle deberá comunicar ao interesado, e a recepción do informe resultante polo órgano instrutor.

d) Cando se deban solicitar os informes mencionados no artigo 3.2.b) *in fine* deste regulamento, polo tempo que medie entre a petición, que se lles deberá comunicar aos interesados, e a recepción do informe polo órgano instrutor.

e) Cando se deban solicitar outros informes que sexan preceptivos e determinantes do contido da resolución a órganos da Administración xeral do Estado ou doutras administracións públicas, polo tempo que medie entre a petición, que se deberá comunicar aos interesados, e a recepción do informe. Este prazo de suspensión non poderá exceder os tres meses.

2. Así mesmo, o transcurso do prazo máximo legalmente previsto para resolver e notificar a resolución poderase suspender cando se encontre pendente un proceso xudicial da orde penal contra os responsables do acto terrorista que producise os danos sobre os cales se solicita indemnización, polo tempo que medie desde a petición ao órgano xurisdiccional ata a data de certificación da firmeza da sentenza ou da resolución xudicial que proceda e non execución da responsabilidade civil derivada de delito.

#### Artigo 53. *Resolución.*

1. A resolución será ditada polo titular do Ministerio do Interior, salvo no suposto de concesión de condecoracións, que lles corresponderá aos órganos previstos no artigo 60.2.

2. O prazo máximo para resolver e notificar será de doce meses, salvo no caso das axudas ao estudo, que será de seis meses.

3. Transcorridos os prazos máximos para resolver sen se ter notificado resolución expresa, entenderase estimada a solicitude.

## CAPÍTULO II

### **Normas para facilitar ás vítimas do terrorismo en situacións transfronteirizas o recoñecemento das indemnizacións**

#### Artigo 54. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste título resultarán de aplicación á tramitación e resolución dos procedementos para o recoñecemento dos resarcimentos, indemnizacións e axudas recoñecidos neste regulamento, cando os actos descritos no número 1 do artigo 2 se cometesen en España e o solicitante da indemnización teña a súa residencia habitual noutro Estado membro da Unión Europea.

2. As disposicións deste título tamén serán de aplicación cando o lugar en que se cometa o delito sexa un Estado membro da Unión Europea distinto a España e o solicitante da axuda teña a súa residencia habitual en España. Neste caso, a autoridade de asistencia levará a cabo as funcións previstas no artigo 55 para os efectos de cooperar na iniciación e tramitación dos procedementos para o recoñecemento das axudas e indemnizacións recoñecidas polo Estado membro da Unión Europea no cal se cometeu o delito.

#### Artigo 55. *Designación e funcións da autoridade de asistencia.*

1. O Ministerio do Interior actuará como autoridade de asistencia nos casos a que se refire o número 2 do artigo anterior, para que o solicitante poida acceder, desde España, ao resarcimento que proceda, se é o caso, polo Estado en cuxo ámbito territorial se cometeu o delito.

2. Para estes efectos, o Ministerio do Interior facilitaralle ao solicitante da axuda:



a) Información sobre as posibilidades de solicitar unha axuda económica ou resarcimento, os trámites e impresos necesarios, incluído o modo en que estes se deben cubrir, e a documentación acreditativa que se poida precisar.

b) Orientación xeral sobre o modo de cubrir as peticións de información suplementaria.

3. Así mesmo, o Ministerio do Interior, como autoridade de asistencia, deberá:

a) Trasladarlle a solicitud e documentación acreditativa, e tamén a documentación que, se for o caso, sexa requirida posteriormente, á autoridade de decisión designada polo Estado en cuxo territorio se cometeu o delito.

b) Cooperar co organismo a que se refire o parágrafo anterior cando, de conformidade coa súa lexislación nacional, este acorde oír o solicitante ou calquera outra persoa.

Esta cooperación por parte do Ministerio do Interior poderá consistir, por pedimento da autoridade de decisión, en dispoñer o necesario para que esta última realice directamente a audiencia, en particular por teléfono ou por videoconferencia, ou ben en dar audiencia ao solicitante da axuda económica ou a calquera outra persoa e remitir á autoridade de decisión unha acta da audiencia.

#### Artigo 56. *Autoridade de decisión.*

1. Cando as solicitudes fosen presentadas a través da autoridade de asistencia onde o solicitante resida habitualmente, o Ministerio do Interior, como autoridade de decisión, deberalle comunicar ao solicitante e á autoridade de asistencia:

a) A recepción da solicitud, o órgano que instrúe o procedemento, o prazo para a súa resolución e a data previsible en que se adoptará a resolución.

b) A resolución que poña fin ao procedemento.

2. Así mesmo, o Ministerio do Interior, como autoridade de decisión, poderá solicitar a cooperación da autoridade de asistencia do Estado onde o solicitante teña a súa residencia habitual, co fin de oír o solicitante ou calquera outra persoa se o considera necesario para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos e datos en virtude dos cales se deba pronunciar a resolución.

Para tal efecto, poderá solicitar á autoridade de asistencia a que se refire o parágrafo anterior que dispoña o necesario para que:

a) O órgano instructor poida realizar directamente a audiencia, en particular por teléfono ou por videoconferencia, coa persoa que deba ser oída, se esta o acepta.

b) A autoridade de asistencia realice a audiencia e remita ao órgano instructor unha acta desta.

A realización da audiencia polo Ministerio do Interior axustarase ao establecido neste regulamento, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

#### Artigo 57. *Impresos para a transmisión de solicitudes e comunicación da resolución.*

Para o traslado da solicitud e documentación acreditativa, previsto no artigo 55.3.a), e para a comunicación da resolución que poña fin ao procedemento, prevista no artigo 56.1.b), utilizaranse os impresos que se establezan por orde do ministro do Interior.

#### Artigo 58. *Recurso administrativo.*

1. Cando o escrito mediante o cal se interpoña recurso potestativo de reposición contra a resolución do Ministerio do Interior sexa cursado a través da autoridade de asistencia do Estado membro onde a vítima do delito ten a súa residencia habitual, o

Ministerio do Interior, como autoridade de decisión, deberalle comunicar ao interesado e á autoridade de asistencia:

- a) A recepción do escrito de recurso, o órgano que tramita o procedemento, o prazo para a súa resolución e notificación, así como os efectos da falta de resolución e, se é posible, a data previsible en que se adoptará a resolución.
- b) A resolución que poña fin ao procedemento.

2. Así mesmo, o órgano ao cal lle corresponde a tramitación do recurso poderá solicitar a cooperación da autoridade de asistencia do Estado onde o solicitante da indemnización teña a súa residencia habitual, para oír o interesado ou calquera outra persoa, se o considera necesario, para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos e datos en virtude dos cales se deba pronunciar a resolución.

Para tal efecto, poderá solicitar á autoridade de asistencia a que se refire o parágrafo anterior que dispoña o necesario para que:

- a) O órgano instrutor poida realizar directamente a audiencia, en particular por teléfono ou por videoconferencia, coa persoa que deba ser oída, se esta o acepta, nos termos indicados no ordinal segundo do artigo anterior.
- b) A autoridade de asistencia realice a audiencia e remita ao órgano instrutor unha acta desta.

## TÍTULO V

### Recoñecementos e condecoracións

#### Artigo 59. *Condecoracións.*

A Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo configura a acción honorífica específica do Estado co fin de honrar as vítimas do terrorismo, de conformidade coa Lei 29/2011, do 22 de setembro.

#### Artigo 60. *Graos e concesión.*

1. A Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo comprende os seguintes graos:

- a) Gran Cruz, que se concederá, a título póstumo, aos falecidos en actos terroristas.
- b) Encomenda, que se outorgará aos que sufrisen danos físicos ou psíquicos de carácter permanente e secuestrados en actos terroristas.

2. O titular do Ministerio do Interior elevará á aprobación do Consello de Ministros os proxectos de reais decretos de concesión do grao da Gran Cruz e concederá, mediante orde e en nome da súa maxestade o rei, o grao de Encomenda.

3. O gran chanceler da Real Orde será o titular do Ministerio do Interior e o seu chanceler o titular da Subsecretaría do departamento.

#### Artigo 61. *Carácter das condecoracións e tratamento que outorgan.*

1. As condecoracións terán carácter persoal e intransferible.
2. A Gran Cruz outorga tratamento de excelencia e a Encomenda de ilustrísimo señor ou ilustrísima señora.
3. A concesión dunha condecoración non xera dereito ás axudas ou prestacións reguladas na Lei 29/2011, do 22 de setembro.

Artigo 62. *Descrición das condecoracións.*

Os distintivos correspondentes aos distintos graos da Real Orde responderán á seguinte descrición:

a) Gran Cruz: consistirá nunha placa de 85 milímetros de diámetro total, de metal dourado formado por catro brazos fendidos ao longo, iguais e simétricos, cuxa parte central ou chama vai esmaltada en vermello. Alternándose con estes brazos, levará catro lampos brunidos de cinco facetas. No centro da cruz e en forma circular irá esmaltado o escudo de España nas súas cores e, na metade do seu brazo superior, a coroa real. No reverso da Gran Cruz encontrarase unha coroa circular, con bordos dourados de 1 milímetro, esmaltada en negro, de 35 milímetros de diámetro e 4 milímetros de grosor, onde constará gravada en letra dourada e maiúsculas a seguinte inscrición «recoñecemento e memoria», cunha pequena cruz latina na parte inferior. No interior encontrarase un círculo esmaltado en vermello de 17 milímetros de diámetro, cun cadrado dourado de 10 milímetros no seu interior.

b) Encomenda: consistirá nunha placa de iguais características que as descritas para a Gran Cruz, coa diferenza do seu tamaño, que será de 60 milímetros de diámetro. Portarase pendurada do pescozo mediante unha cinta de 45 milímetros de longo coas cores da Orde, vermella e branca, e as franxas brancas que ocupan os bordos da cinta medirán 4,5 milímetros. Todo o conxunto da cruz pendura dunha coroa de loureiro en metal dourado. No reverso da Encomenda hai unha coroa circular, con bordos dourados de 1 milímetro, esmaltada en negro, de 25 milímetros de diámetro e 4 milímetros de grosor, onde constará gravada en letra dourada e maiúsculas a seguinte inscrición «recoñecemento e memoria», cunha pequena cruz latina na parte inferior. No interior hai un círculo esmaltado en vermello de 17 milímetros de diámetro, cun cadrado dourado de 10 milímetros no seu interior.

Artigo 63. *Expedición de títulos e libro rexistro.*

1. A Chancelaría da Real Orde, unha vez outorgada unha condecoración, expedirá o título correspondente, que estará autorizado con selo da sinatura da súa maxestade o rei e irá asinado polo gran chanceler da Real Orde.

2. A concesión das condecoracións reguladas neste título farase constar nun libro rexistro.

Artigo 64. *Uso e efectos das condecoracións.*

A concesión destas condecoracións aos membros das Forzas Armadas, aos funcionarios das forzas e corpos de seguridade e, en xeral, aos empregados públicos serviralles de mérito especial, así como de circunstancia especialmente relevante para os efectos da concesión de condecoracións no seu respectivo ámbito profesional, de acordo co previsto na correspondente normativa reguladora.

Artigo 65. *Actos de homenaxe e recoñecemento ás vítimas do terrorismo.*

O Goberno poderá impulsar o recoñecemento e preservar a memoria das vítimas do terrorismo e, en particular, a entrega de condecoracións, ao abeiro da Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo, así como a presenza institucional o 27 de xuño, Día de recordo e homenaxe ás vítimas do terrorismo, e o 11 de marzo, Día europeo das vítimas do terrorismo.

## TÍTULO VI

### Tutela institucional ás vítimas do terrorismo

Artigo 66. *Informe sobre a situación das vítimas do terrorismo.*

O Ministerio do Interior elaborará un informe anual sobre a situación do colectivo de vítimas con propostas de actuación que, se é o caso, poderá incluír propostas de reforma normativa.

Na elaboración do dito informe solicitarase información ás comunidades autónomas e ás entidades locais.

Así mesmo, recollerase a análise de detección de necesidades que realicen as distintas asociacións de vítimas do terrorismo, que será canalizada a través da Fundación de Vítimas do Terrorismo.

Este informe será elevado ao Parlamento no último trimestre do ano.

Artigo 67. *Carta europea de dereitos das vítimas do terrorismo.*

No prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste regulamento, o Ministerio do Interior, en colaboración coas asociacións máis representativas do colectivo de vítimas do terrorismo, elaborará un borrador de Carta europea de dereitos das vítimas do terrorismo, que será elevado á Comisión Europea, para o efecto de que sirva como base para o estudo e a aprobación dunha Carta europea de dereitos das vítimas do terrorismo.